

**Vicepresidencia Segunda e
Consellería de Economía,
Empresa e Innovación
Xefatura Territorial do Servizo de
Enerxía e Minas, A Coruña.**

Expediente: IN408A 2019/105

Denominación do proxecto: Parque Eólico Monte da Croa

Promotor: VILLAR MIR ENERGÍA SLU

Asunto: Solicitud de informe técnico.

ANTECEDENTES

O 05.03.2021 solicitouse mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural desde a Xefatura Territorial do Servizo de Enerxía e Minas da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación un informe sobre a "Proxecto do Parque eólico Monte da Croa" situado nos concellos de Dumbria e Vimianzo, provincia de A Coruña.

O 14.05.2021 solicitouse via mail desde o buzón da Subdirección de Prevención ó Servizo de Prevención de Incendios Forestais da provincia de A Coruña un informe para poder dar contestación a Xefatura Territorial do Servizo de Enerxía e Minas da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

**DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**
San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. + 34 881 996 391
defensadomonte.mediorural@xunta.gal
mediorural.xunta.gal





O 05.07.21 recibíuse no buzón da Subdirección Xeral de Prevención o informe remitido polo técnico do Servizo de Prevención de Incendios Forestais da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de A Coruña, no que informa favorablemente sobre a "Proxecto do do Parque eólico Monte da Croa", condicionado ao mantemento do establecido para as redes primarias de faixas de xestión de biomasa na lexislación vixente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece no seu artigo 20 bis - Redes primarias de faixas de xestión de biomasa, apartado c), as seguintes obrigas de xestión de biomasa:

"c) Nas instalacións de produción de enerxía eléctrica eólica deberá xestionarse a biomasa na superficie afectada de pleno dominio e voo, de acordo co establecido no Plan sectorial eólico de Galicia, ao redor de cada aeroxerador de produción de enerxía eléctrica eólica instalado.

Así mesmo, nos camiños interiores das ditas instalacións a xestión da biomasa vexetal, no estrato arbustivo e subarbustivo, farase nos 5 metros desde a aresta exterior do camiño. Neste último suposto, non se exixirá a retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

.....
Para todas as instalacións indicadas nesta letra, a xestión da biomasa incluírá a retirada desta por parte da persoa que resulte responsable consonte o artigo 21 ter. "





INFORME

En base ó anterior e tendo en conta os condicionantes recollidos nas consideracións legais e técnicas infórmase FAVORABLEMENTE a realización do Proxecto do Parque eólico Monte da Croa, nos concellos Dumbria e Vimianzo , provincia de A Coruña.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

O director xeral de Defensa do Monte

Manuel Vázquez Rodríguez

